



**REDES DE TELECOMUNICACIÓN
GALEGAS RETEGAL, S.A.**

**CONSELLERÍA DE FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2024 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

RETEGAL é unha sociedade mercantil pública autonómica creada polo Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, da consellería de Economía e Facenda, con capital integramente subscrito pola Xunta de Galicia. De conformidade cos seus estatutos, terá a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos autónomos no concernerente á realización das actividades propias do seu obxecto social que estas lle encarguen, estando obrigada a realizalas, por Decreto 352/2009, do 2 de xullo.

En particular constitúen parte do obxecto social de RETEGAL as seguintes actividades:

a. A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas e servizos de telecomunicacións que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito das telecomunicacións.

b. A prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector das telecomunicacións, especialmente no eido da tecnoloxía das telecomunicacións.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
3	Competitividade e crecemento
4	Cohesión social e territorial

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
3	PA3.2	Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible
4	PA4.4	Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única

I.- Manter, ampliar e consolidar a súa posición no mercado nacional e autonómico como operador neutro de servizos de radiodifusión e de infraestruturas (distribución, contribución, aloxamento, planificación, mantementos, etc.).

2.- Manter, ampliar, renovar e mellorar as infraestruturas existentes, tanto activas como pasivas, para facilitar o acceso á sociedade da información a toda a cidadanía de Galicia, o que tamén redundará nunha mellora, tanto da calidade e continuidade dos servizos que xa vén prestando RETEGAL, como da eficiencia enerxética co uso de infraestruturas de comunicacións máis eficientes.

3.- Administrar con eficiencia os recursos xestionados, desenvolvendo actuacións que incrementen a eficiencia, co obxectivo de chegar a ofrecer servizos máis competitivos, con tarifas transparentes e orientación a custes e resultados que derivan nunha mellora da calidade e accesibilidade dos servizos que se prestan a toda a sociedade galega.

4.- Na súa condición de medio propio, planificar, executar e operar os encargos previstos, así como os que se lle poidan realizar pola Xunta de Galicia, e seguir xestionando servizos en réxime de autoprestación.

5.- Iniciar as accións definidas no plan de cambio organizacional que permita adaptar a actual estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual, e garanta os niveis de calidade e servizo comprometidos cos clientes.

1.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2024	2025	2026
OE3.2.1	Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofrezca máis e mellores servizos a cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación	10.604.249	10.696.629	10.427.883
OE3.2.3	Impulsar a economía dixital cara a un territorio intelixente, máis sostible e conectado, promovendo a innovación tecnolóxica no aproveitamento e preservación dos recursos naturais e impulsando a mobilidade intelixente así como os novos modelos para a dinamización do noso patrimonio e a produción cultural	549.850	460.100	316.500
OE4.4.1	Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo empresarial.	110.452	110.452	110.452
TOTAL		11.264.551	11.267.181	10.854.835

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2024	2025	2026
001	Rede de infraestruturas comunicación e difusión	10.604.249	10.696.629	10.427.883
002	Desenvolver unha rede de acceso IoT para autoprestación	186.449	186.449	186.449
003	Ampliar, operar, xestionar, albergar e dotar de conectividade a Rede de vixilancia dos espazos forestais	313.401	223.651	80.051

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2024	2025	2026
004	Innovación tecnolóxica.	50.000	50.000	50.000
001	Desenvolver, xestionar e manter as infraestruturas públicas executadas telefonía móbil rural	110.452	110.452	110.452
TOTAL		11.264.551	11.267.181	10.854.835

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2024	2025	2026	UNIDADES
%	Cumprimento obxectivos de servizo	99,5	99,5	99,5	
Nº	Número de núcleos rurais cobertura móbil	205	250	250	
%	Cobertura alcanzada pola rede IoT iCousas	60	65	65	
%	Cumprimento obxectivos de servizo	98	98	98	
%	Índice de execución dos proxectos	80	80	80	

1.- Servizos de operador neutro de telecomunicacións

O posicionamento de RETEGAL como operador neutro de infraestruturas é acorde coas tendencias actuais de mercado, nas que as estratexias dos operadores de servizos de telecomunicación orientáanse ao núcleo do negocio, evitando no posible investimentos en infraestruturas e realizando acordos marcos con operadores de telecomunicacións xestores das mesmas. Ao longo do 2024 prevese unha lixeira redución do volume de ingresos asociados aos servizos de operador neutro derivado dos proxectos de sinerxías abordados polos principais operadores de telefonía móbil (proxecto JUMPING), na medida na que se axilice a xestión dos procesos de regularización (altas e baixas) das infraestruturas por parte dos operadores involucrados.

A evolución do prezo da enerxía obrigará a un reposicionamento das tarifas de enerxía asociadas aos servizos de albergamento.

2.- Servizos de TDT

2.1.- CRTVG

O obxectivo fundamental de RETEGAL para o ano 2024, é manter as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal do múltiple autonómico de TDT, no que están presentes as dúas canles de TVG, mantendo ademais os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo.

2.2.- Concesionarios autonómicos

RETEGAL, operador técnico do múltiple compartido, continuará prestando o servizo portador de difusión de dito múltiple cun despregamento de rede que permite dar cumprimento aos deberes de cobertura da CRTVG (98% da cobertura de Galicia), e un

dimensionamento de equipos, redundancias, proteccións e sistemas de supervisión e aseguramento que permitan manter os actuais servizos adicionais tales como as desconexións territoriais ou as emisións simultáneas en calidade SD e HD, e os niveis de calidade e continuidade comprometidos coa CRTVG.

2.3.- Concesionarios locais.

Prestación dos servizos de difusión a varios múltiples de TDT Local con índices de calidade e continuidade do servizo comprometidos.

2.4.- Cadeas estatais:

Prestación do servizo de transporte e difusión do sinal do múltiple de TVE nos centros contratados pola adxudicataria do contrato. Este contrato foi renegociado ao longo do ano 2023, polo que non se prevén variacións ao longo do 2024.

3.-Servizo da Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade da Xunta de Galicia

En virtude das encomendas de xestión da AMTEGA a RETEGAL, durante o ano 2024, realizaranse as seguintes accións:

- Manter e xestionar a Rede de comunicacións móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia (RESGAL).
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as coberturas naquelas micro-áreas nas que sexa preciso, mediante estudos exhaustivos das pegadas de cobertura.
- Mellorar e facilitar, no seu caso, as pegadas de cobertura mediante a execución dos eventuais encargos que se reciban.
- Implantar novos servizos aos usuarios, que permitirán manter e mellorar o aseguramento de continuidade do servizo e actualizar, ampliar e mellorar as capacidades dos servizos e aplicacións actuais. Entre os servizos de maior valor engadido, destaca a integración de móbiles intelixentes, que permite o acceso de terminais convencionais para o acceso do servizos da rede e integración de conversacións sen necesidade de pasarelas inter-sistema.

No ano 2023 modificouse a encomenda do servizo RESGAL para actualizar o volume de terminais e importes derivados previstos para cada unha das entidades autonómicas con competencias en materia de emerxencias. No ano 2024 finaliza o actual contrato de soporte e mantemento integral do equipamento e sistemas asociados á Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia. Cómpre renovar e actualizar algúns dos elementos e sistemas integrantes da rede, así como o servizo de soporte asociado, polo que se prevé un incremento do custo respecto a actual licitación.

4.- Rede de Videovixilancia dos Espazos Forestais de Galicia

A finais do ano 2022, procedeuse a formalizar unha nova addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL para o despregamento da Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, Medida, asinado o 9 xaneiro de 2018. Esta nova addenda incorpora a adquisición e instalación de novos vanos de enlace de microondas para dotar de conectividade ás novas cámaras do proxecto Interlumes, así como un plan de renovación no período 2023-2025 das cámaras de videovixilancia instaladas na primeira e segunda fase do proxecto.

Co obxecto de avanzar no desenvolvemento de sistemas de predición de incendios baseados na tecnoloxía de intelixencia artificial, que permitirían detectar e combater os incendios dunha maneira moito máis rápida e eficaz, no ámbito desta addenda adquiriuse un hardware e software específico que posibilite a ofuscación das imaxes captadas por II cámaras que integran a Rede de Vixilancia Forestal, co obxecto de dispoñer da información necesaria para alimentar e adestrar un sistema intelixente de predición de incendios.

Ao longo do 2024, está previsto seguir prestando por parte de RETEGAL os servizos de operación e mantemento, albergamento e conectividade da Rede de Vixilancia dos espazos forestais de Galicia, así como a renovación de máis de 50 cámaras despregadas na primeira fase do proxecto. E continuaranse os traballos necesarios para dispoñer da información necesaria e suficiente para alimentar o futuro sistema intelixente de predición.

5.- Servizos de radiodifusión.

No que respecta aos servizos prestados á Radio Galega, no ano 2024 continuarase co plan de renovación de equipamento de difusión, substituindo os equipos máis antigos por outros de maior eficiencia enerxética, o que permitirá mellorar os custos de explotación de RETEGAL.

6.- Servizo de transporte e conectividade.

Retegal dispón dunha rede de fibra de máis de 1.855 km, apoiada por unha rede de radioenlaces de alta e media capacidade integrada por 138 vans cunha lonxitude de 2.565 km que ademais de ser utilizada para o transporte de recursos propios integrando nun anel de fibra redundante os centros de telecomunicacións máis significativos, en calidade de operador neutro, pon a disposición doutras empresas e operadores de telecomunicacións.

7.- Novos encargos a realizar como medio propio.

No período 2022-2023, Retegal recibiu novos encargos por parte da Amtega para o despregamento de novas infraestruturas de telecomunicacións para a mellora de cobertura móbil en núcleos rurais e illados do territorio e a dispoñibilidade de novos servizos de internet das cousas (IoT) por parte da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

As actuacións derivadas do encargo para a mellora de cobertura móbil en núcleos rurais deben ser realizadas antes do 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que por causas xustificadas puidesen producirse posibles prórrogas. A xestión e explotación destas novas infraestruturas incrementará o catálogo de servizos de albergamento de Retegal a partir do ano 2024.

Ao longo do ano 2024, Retegal asumirá a xestión e explotación da nova rede de acceso IoT e continuará o traballo iniciado no plan de comunicación e difusión do proxecto con todos os organismos da Administración autonómica co obxecto de identificar as necesidades e ámbitos de sensorización a priorizar no desenvolvemento da Plataforma Galicia Territorio Intelixente.

8.- Adecuación operativa de RETEGAL.

Debe considerarse este como un proceso de mellora continua, polo que no ano 2024 RETEGAL deberá tanto implantar novos procesos e sistemas, como continuar mellorando a súa operativa de xeito permanente coa adecuación de procedementos, indicadores e políticas aos estándares existentes no mercado en relación a calidade, medio ambiente, prevención de riscos laborais e penais, entre outros.

Neste sentido, durante o ano 2024, continuaranse os traballos para a implantación dunha nova ferramenta de xestión de incidencias da rede que permita optimizar e mellorar os indicadores de calidade comprometidos cos clientes. E no eido financeiro, continuarase co proceso de mellora do actual sistema de xestión contable para continuar a transformación e automatización dos procesos contables e financeiros para dispoñer dunha maior información para a toma de decisións estratéxicas e operativas e axilizar os procesos de reporte da información neste ámbito. Co obxecto de dispoñer dunha maior información relativa aos ingresos e custos asociados a cada servizo, iniciarase un estudo de adaptación das tarifas a un novo modelo de reparto de custos á servizos, así como a súa adaptación á Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española.

Ao longo do ano 2024, continuaranse traballando nos plans de acción e mellora planificados no ámbito das certificacións ISO vixentes para a súa renovación. E prevese finalizar a execución das accións prioritarias definidas nos plans de accións relativos a adecuación a RGPD-LOPDGDD e aquelas accións máis prioritarias para acadar a medio prazo a Certificación ao Esquema Nacional de Seguridade.

O consumo e a xestión eficiente da enerxía é un dos principais retos aos que se enfrontan as empresas na actualidade. Retegal instalará ao longo do 2024 sistemas baseados en enerxías renovables nalgúns dos centros de telecomunicacións que xestiona para analizar a eficiencia e optimización enerxética acadada con este tipo de instalacións.

9.- Innovación tecnolóxica

Ao longo do 2024, RETEGAL continuará colaborando coa Amtega e as diferentes Consellerías na implementación de novos servizos e funcionalidades baseadas nas novas tecnoloxías emerxentes, tales como o Internet das Cousas (IoT), Big Data ou a intelixencia artificial.

A medida que se realice o despregue da rede de acceso de servizos IoT iCousas, valorarase o despregue de novos proxectos de sensorización en todos os ámbitos de actuacións xestionados por parte das Administracións territoriais, segundo os criterios e prioridades establecidas polos diferentes organismos usuarios, o cal esixirá unha coordinación e planificación entre os diferentes organismos e entidades interesadas, para acadar sinerxías e un maior aproveitamento dos recursos de rede despregados.

10.- Optimización.

Durante o ano 2024, continuarase co plan de optimización de RETEGAL, que permita un seguimento máis exhaustivo dos aspectos críticos da empresa. Entre estes proxectos encóntrase a adecuación continua do cableado, a eficiencia enerxética, a optimización da organización interna, o inventario de rede, a renovación de equipamento fora de soporte ou garantía, ...

Neste sentido, no último trimestre do 2023, iniciárase a renovación da rede de alta velocidade constituída por máis de 130 vans de radioenlaces de microondas, que permite a interconexión das infraestruturas titularidade da Xunta de Galicia. Esta renovación continuará no período 2024-2026.

11- Plan de cambio organizacional

Durante o ano 2024, continuaranse as accións definidas no plan de cambio organizacional para adaptar a estrutura organizativa ao contexto tecnolóxico actual e garantir a continuidade e calidade do servizo, así como a planificación dos recursos necesarios para cubrir as xubilacións do persoal previstas a corto e medio prazo. Ademais de xestionar o coñecemento especializado do persoal de Retegal nos procesos de despregue e explotación de redes de telecomunicacións.

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2024	CONCELLO
Adecuación de infraestruturas existentes e construción de novos centros de telecomunicación.	2.014	2.026	1.045.116	66.044	902
Adecuación operativa de RETEGAL. Sistemas e procesos	2.010	2.026	1.072.530	186.000	902
Extensión e ampliación das redes de transporte e difusión. Adecuación 2º Dividendo Dixital.	2.014	2.026	1.908.177	109.556	902
Innovación tecnolóxica.	2.010	2.026	411.273	25.000	902
		TOTAL	4.437.096	386.600	

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Santiago de Compostela	3.483.143	0	271.000
Varios Concellos	0	7.394.808	115.600
TOTAL	3.483.143	7.394.808	386.600

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2024	2025	2026
Encomendas Xunta de Galicia	338.843	338.843	338.843
Outros Mercados	5.456.351	5.430.757	5.231.700
Servizo Portador de Radio	514.678	524.971	535.471
Servizo Portador de TV	3.118.179	3.172.447	3.227.801
Servizos Banda Larga	24.754	24.082	22.718
Servizos TETRA	1.826.275	1.826.275	1.627.812
TOTAL	11.279.080	11.317.375	10.984.345

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Nº Empregados	45	45	45
Custo Total	2.650.803	2.800.251	3.483.143
Custo Medio	58.907	62.228	77.403

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025	PREVISIÓN 2026
Alugueres e cánones	128.687	209.827	233.604	233.604	233.604
Outros servizos	15.282	22.527	22.527	22.527	22.527
Primas de seguros	42.147	45.000	45.000	45.000	45.000
Publicidade	205.973	230.939	230.939	230.939	230.939
Reparacións e mantementos	2.914.450	2.663.551	2.922.391	3.179.078	3.179.078
Servizos profesionais	979.571	1.714.584	892.384	974.884	974.884
Subministracións	1.255.918	2.273.790	1.998.579	1.848.637	1.586.427
TOTAL	5.542.028	7.160.218	6.345.424	6.534.669	6.272.459

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Dotación Amortización Intanxible	57.369	61.449	46.170
Dotación Amortización Materiais	299.510	303.480	325.617
TOTAL	356.879	364.929	371.787

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Remanente de Tesourería

	2022	2023
1. Fondos líquidos	8.644.319	7.200.131
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	3.657.844	4.036.521
Do orzamento corrente	3.657.844	4.036.521
De orzamentos pechados	0	0
De operacións non orzamentarias	0	0
De operacións comerciais	0	0
3. Obrigas pendentes de pago (-)	2.048.872	1.618.153
Do orzamento corrente	2.048.872	1.618.153
De orzamentos pechados	0	0
De operacións non orzamentarias	0	0
De operacións comerciais	0	0
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	10.253.291	9.618.499
II. Exceso de financiamento afectado	0	0
III. Saldos de dubidoso cobro	0	0
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	10.253.291	9.618.499

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2022	ESTIMADO 2023	PREVISIÓN 2024
Inmovilizado Intanxible	33.320	10.000	195.000
Inmovilizado Material	350.771	370.000	191.600
TOTAL	384.091	380.000	386.600

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Os investimentos asociados con elementos susceptibles de ser incorporados ao activo de Retegal, está previsto que acaden os 386.600 €.

○ financiamento do programa de investimento e das necesidades de explotación realizarase con recursos propios da actividade.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) ACTIVO NON CORRENTE		1.522	1.529	1.536
I. Inmobilizado intanxible		117	66	215
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares		2	1	1
4. Fondo de comercio				
5. Aplicacións informáticas		116	65	214
6. Outro inmobilizado intanxible				
II. Inmobilizado material		1.389	1.456	1.322
1. Terreos e construcións		139	137	135
2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material		1.250	1.319	1.186
3. Inmobilizado en curso e anticipos				
III. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Activos por imposto diferido		16	8	
B) ACTIVO CORRENTE		12.378	11.284	10.829
I. Activos non correntes mantidos para a venda				
II. Existencias		17	19	19
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materias recuperados				
6. Anticipos a provedores		17	19	19
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar		3.658	4.037	3.615
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		1.285	1.409	1.352
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas		2.153	2.396	2.035
3. Debedores varios		56	56	56
4. Persoal		1	1	1
5. Activos por imposto corrente		4	4	
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		159	170	170
7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a curto prazo		3	3	3
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros		3	3	3
VI. Periodificacións a curto prazo		56	25	25

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	8.644	7.200	7.166
	1. Tesourería	8.644	7.200	7.166
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	13.900	12.813	12.365

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) PATRIMONIO NETO		7.954	7.510	7.215
A.1) Fondos propios		7.498	7.105	6.860
I. Capital		60	60	60
1. Capital escriturado		60	60	60
2. (Capital non esixido)				
II. Prima de emisión				
III. Reservas		5.523	6.279	6.443
1. Legal e estatutarias		87	87	87
2. Outras reservas		5.436	6.192	6.356
IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)				
V. Resultados de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)				
VI. Outras aportacións de socios		209	211	211
VII. Resultado do exercicio		1.706	555	146
VIII. (Dividendo a conta)				
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto				
A.2) Axustes por cambios de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos		456	405	355
B) PASIVO NON CORRENTE		3.657	3.608	3.592
I. Provisións a longo prazo		3.505	3.473	3.473
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións		3.505	3.473	3.473
II. Débedas a longo prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido		152	135	118
V. Periodificacións a longo prazo				
C) PASIVO CORRENTE		2.290	1.695	1.558
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda				
II. Provisións a curto prazo				
III. Débedas a curto prazo		169	5	5
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		169	5	5
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar		2.049	1.618	1.482
1. Provedores		1.878	1.175	1.175
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas				
3. Acredores varios				
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)		3	2	2
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		154	441	305
7. Anticipos clientes		14		
VI. Periodificacións a curto prazo		72	72	72
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		13.900	12.813	12.365

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	11.656	19.217	11.279
	a) Ventas	11.656	19.217	11.279
	b) Prestacións de servizos			
	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos	-1.516	-8.227	-994
	Consumo de mercaderías			
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-1.230	-7.942	-694
	Traballos realizados por outras empresas	-286	-285	-300
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación	89		
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente			
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	89		
	6. Gastos de persoal	-2.651	-2.800	-3.483
	Soldos, salarios e asimilados	-2.164	-2.210	-2.748
	Cargas sociais	-487	-591	-735
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-5.565	-7.230	-6.352
	Servizos exteriores	-5.542	-7.160	-6.345
	Tributos	-3	-70	-7
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-20		
	Outros gastos de xestión corrente			
	8. Amortización do inmovilizado	-357	-365	-372
	Amortización do inmovilizado intanxible	-57	-61	-46
	Amortización do inmovilizado material	-300	-303	-326
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	77	67	67
	10. Excesos de provisións	485		
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.			
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	56	-9	
	Gastos excepcionais	-2	-9	
	Ingresos excepcionais	58		
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	2.275	653	145
	14. Ingresos financeiros		88	50
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros		88	50
	15. Gastos financeiros			
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.			
	c) Por actualización de provisións			
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)		88	50
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	2.275	740	195
	20. Imposto sobre beneficios	-569	-185	-49

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	1.706	555	146
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	1.706	555	146

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario SPA.04

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	2.275	740	195
2. Axustes no resultado	838	275	313
a. Amortización do inmovilizado (+)	357	365	372
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	20		
c. Variación de provisións (+/-)	627	-32	
d. Imputación de subvencións (-)	-166	-67	-67
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)			
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)		10	8
3. Trocos no capital corrente	-35	-945	285
a. Existencias (+/-)	-1	-2	
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-1.114	-379	422
c. Outros activos correntes (+/-)	30	31	
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	1.020	-431	-136
e. Outros pasivos correntes (+/-)	29	-164	
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-698	-185	-49
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)	-698	-185	-49
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	2.380	-114	744
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-241	-380	-387
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible	-33	-10	-195
c. Inmovilizado material	-208	-370	-192
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)			
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-241	-380	-387
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	45		
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)	45		
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2024

Formulario SPA.04

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, S.A.

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2022	ESTIMADO 2023	ORZAMENTO 2024
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio	-979	-950	-391
a. Dividendos (-)	-979	-950	-391
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)	1		
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	-934	-950	-391
D) EFECTOS DAS VARIACIÓN DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	1.205	-1.444	-34
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	7.439	8.644	7.200
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	8.644	7.200	7.166

